

Calendario acelerado de vacinación

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN

Dirección Xeral de Saúde Pública

1 de abril de 2024



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Título:

Calendario acelerado de vacinación

Programa galego de vacinación

Actualización: abril de 2024

Edita:

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Saúde Pública

Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles

Lugar e data de edición:

Santiago de Compostela, 2024

Destinatarios:

Centros de saúde / hospitais públicos / hospitais e centros médicos privados / outros tipos de puntos de vacinación / xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade / áreas sanitarias

A información relativa a esta campaña pódese consultar na web da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<https://www.sergas.es/Saude-publica/PGV>

Calendario acelerado de vacinación

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN

Dirección Xeral de Saúde Pública

1 de abril de 2024



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

Siglas e acrónimos utilizados.....	4
Introducción.....	5
1. Vacinación acelerada: idade mínima, número de doses e intervalo mínimo de tempo entre doses.....	6
2. Calendario acelerado para menores de 7 anos de idade.....	8
3. Calendario acelerado para pessoas de entre 7-18 anos.....	10
4. Calendario acelerado para pessoas maiores de 18 anos.....	12

Siglas e acrónimos utilizados

DTPa	Vacina fronte á difteria, ao tétano e á tose ferina acelular
dTpa	Vacina fronte á difteria, ao tétano e á tose ferina con baixa carga antixénica
HB	Vacina fronte á hepatite B
Hib	Vacina conxugada fronte ao <i>Haemophilus influenzae</i> tipo b
MenACWY	Vacina conxugada fronte ao meningococo de serogrupos A, C, W e Y
MenB	Vacina fronte ao meningococo do serogrupo B
TV	Vacina tripla vírica (fronte ao sarampelo, a rubéola e a parotidite)
VNC	Vacina fronte ao pneumococo conxugada
VNC20	Vacina fronte ao pneumococo conxugada de 20 serotipos
VPH	Vacina fronte ao virus do papiloma humano
VPI	Vacina fronte ao poliovirus inactivada
VVZ	Vacina fronte ao virus varicela zóster
VHZ	Vacina fronte ao virus herpes zóster

Introducción

Este documento resume as últimas recomendacións de calendarios acelerados de vacinación, baseándose no recollido no *Calendario acelerado de vacunaciones* elaborado polo Relatorio de Programa e Rexistro de Vacinacións do Ministerio de Sanidade e aprobado o 12 de xullo de 2023 pola Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do SNS.

Os calendarios acelerados consisten en administrar vacinas con intervalos de tempo entre doses sucesivas acurtados, en persoas con historia de vacinación incompleta ou inexistente, ou que recibisen doses de vacinas con pautas incorrectas. Estas estratexias de vacinación teñen especial interese no caso de poboación procedente doutros países, onde rexen programas de vacinación diferentes ao noso, e é preciso adaptala o antes posible ao calendario de vacinación da poboación autóctona.

O obxectivo deste documento é servir de instrumento de apoio a profesionais sanitarios con actividades no campo da vacinación que precisen deseñar pautas de vacinación acelerada. Pódese consultar o documento base en:

https://www.sanidad.gob.es/areas/promocionPrevencion/vacunaciones/calendario-y-coberturas/docs/Calendario_Acelerado_Vacunaciones.pdf

Débense ter en conta as recomendacións do Programa Galego de Vacinación en canto ás vacinas financiadas por este.

A continuación preséntanse as pautas xerais de vacinación por tipo de vacinas (táboa 1) e o calendario acelerado en menores de 7 anos (táboa 2), entre 7 e 18 anos (táboa 3) e en adultos (táboa 4), aínda que as recomendacións de vacinación serán individualizadas en función da idade, as vacinas pendentes de administración e a existencia ou non de factores de risco das persoas que se van vacinar. Pódese consultar o documento en:

https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6140/Vacinacion%CC%81n%20en%20grupos%20de%20riesgo_agosto2019%20.pdf

Administrarse o maior número de vacinas posibles en cada visita, para asegurar a protección no menor tempo pero en extremidades diferentes ou separadas entre si 2,5 cm para non solapar as posibles reaccións locais. Para iso fixaranse o momento do inicio e os intervalos mínimos entre as doses que se van administrar, tendo en conta que "dose posta, dose que conta".

1. Vacinación acelerada: idade mínima, número de doses e intervalo mínimo de tempo entre doses

Vacina	Idade mínima 1.ª dose	N.º de doses requiridas	Intervalo 1.ª e 2.ª dose	Intervalo 2.ª e 3.ª dose	Intervalo 3.ª e 4.ª dose
HB	0 m	3	4 s	2 m	
MenB	2 m	Segundo a idade ¹	2 m	Segundo a idade ¹	
MenACWY	2 m	Segundo a idade ²	2 m	6 m	
TV	11 m	2	4 s		
VVZ	12 m	2	4 s		
DTPa	2 m	Segundo a idade ³	4 s	6 m	6 m
Td	7 a	3+2 (primovacinación + recordo)	4 s	6 m	12 m
VPI	2 m	Segundo a idade ³	4 s	6 m	6 m
Hib	2 m	Segundo a idade ³	4 s	4 s	
VNC	6 s	Segundo a idade ⁴	4 s	4 s	8 s
VPH	9 a	Segundo a idade ⁵	6 m		

Táboa 1. A idade mínima estableceuse en función das recomendacións acordadas polo CISNS (Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde). Consultar tamén as táboas 2, 3 e 4. **s:** semanas; **m:** meses; **a:** anos.

1 MenB: nados a partir do 1 de setembro de 2022:

- Lactantes de 2 a 5 meses, pauta de 2 doses (intervalo de 2 meses) e 1 dose de recordo polo menos 6 meses tras a primovacinación.
- Entre os 6 e 11 meses, pauta de 2 doses (intervalo de 2 meses) e 1 dose de recordo polo menos 2 meses tras a primovacinación.
- Entre 12 e 23 meses, pauta de 2 doses (separadas polo menos 2 meses) e 1 dose de recordo entre 12 e 23 meses despois da primovacinación.

2 MenACWY: dependendo da idade de administración utilizarase a vacina indicada na súa ficha técnica.

Primovacinación:

- Lactantes de entre 2 e 6 meses (0-2 meses).
- De entre 7 e 12 meses, 1 dose salvo en casos de alto risco de exposición, caso en que serán 2 doses (0-2 meses).
- Maiores de 12 meses, recibirán 1 dose.

Doses de recodo: 1 dose a partir dos 12 meses e 1 dose aos 12 anos.

3 DTPa, VPI, Hib: o número de doses depende do momento de inicio da vacinación. Ver táboas 2, 3 e 4 para o número de doses que cómpre administrar segundo o grupo de idade.

4 VNC: nados a partir do 1 de xaneiro de 2010:

- Menores de 12 meses, segundo o calendario (2, 4, 6 e 11 meses) ou polo menos 4 semanas entre as dúas primeiras doses e polo menos 2 meses coa terceira dose.
- Entre os 12 e os 24 meses recibirán 2 doses separadas polo menos 2 meses.
- A partir dos 2 anos de idade, só 1 dose.

5 VPH: administraranse 2 doses (pauta 0-6 meses) en mulleres nadas a partir de 1994 e varóns nados a partir do 1 de xaneiro de 2010 e no resto de grupos de risco, salvo nos seguintes grupos, que recibirán 3 doses (0-2-6 meses):

- Maiores de 26 anos que teñan indicada a vacinación.
- Persoas con inmunosupresión.

As pautas incompletas completaranse en función da idade da administración da primeira dose.

2. Calendario acelerado para menores de 7 anos de idade

Vacina	0 (1.ª visita)	Meses contados dende a primeira visita			Dose recorde
		1 mes	2 meses	8 meses	
DTPa ¹	DTPa		DTPa	DTPa	DTPa/dTpa
VPI ²	VPI		VPI	VPI	
Hib ³	Hib		Hib	Hib	
HB ⁴	HB		HB	HB	
TV ⁵	TV	TV			
MenB ⁶	MenB		MenB		MenB
MenACWY ⁷	MenACWY				MenACWY
VNC ⁸	VNC20		VNC20		
VVZ ⁹	VVZ	VVZ			

Táboa 2. A actualización da vacinación realizarase segundo o calendario oficial vixente ata a idade do/da menor. Poderanse utilizar vacinas combinadas en caso de necesitar administrar varios antíxenos: hexavalente ou tetravírica.

1 DTPa:

- Primovacinación 2+1: (0, 2 meses) e 1 dose de recorde polo menos 6 meses despois da última primovacinación, preferiblemente aos 11 meses.
- Dose de recorde aos 6 anos.
- Pódese utilizar a vacina DTPa-VPI a partir dos 16 meses de idade en caso de necesitar administrar tamén VPI e non ser necesarios o resto de compoñentes da vacina hexavalente.

2 VPI: se a terceira dose se administra despois dos 4 anos, non é necesaria unha cuarta dose. Pódese utilizar vacina DTPa-VPI a partir dos 16 meses de idade en caso de necesitar administrar tamén DTPa e non ser necesarios o resto de compoñentes da vacina hexavalente.

3 Hib: o número de doses depende do momento de inicio da vacinación:

- Durante o primeiro ano de vida recoméndanse 2 doses de primovacunación e 1 dose de recordo (por exemplo 2, 4 e 11 meses de vida).
- Entre 1 e 5 anos é suficiente con 1 dose.
- A partir dos 5 anos non se recomenda esta vacinación.

4 HB: pauta 0, 2, 8 meses ao utilizar vacina hexavalente. Pauta 0, 1, 6 meses se se utiliza vacina monovalente.

5 TV: a partir dos 12 meses recoméndanse 2 doses separadas 4 semanas ou axustadas ao calendario de vacinacións segundo a idade. A partir dos 11 meses pódese administrar a vacina tetravírica no caso de ser necesaria.

6 MenB: nados a partir do 1 de setembro de 2022:

- Lactantes de 2 a 5 meses, pauta de 2 doses (intervalo de 2 meses) e dose de recordo polo menos 6 meses tras a primovacunación.
- Entre os 6 e 11 meses, pauta de 2 doses (intervalo de 2 meses) e 1 dose de recordo polo menos 2 meses tras a primovacunación.
- Entre 12 e 23 meses, pauta de 2 doses (separadas polo menos 2 meses) e 1 dose de recordo entre 12 e 23 meses despois da primovacunación.

7 MenACWY: dependendo da idade de administración, utilizarase a vacina indicada na súa ficha técnica.

Primovacunación:

- Lactantes de entre 2 e 6 meses (0-2 meses).
- De entre 7 e 12 meses, 1 dose salvo en casos de alto risco de exposición, caso en que serán 2 doses (0-2 meses).
- Maiores de 12 meses, recibirán 1 dose.

Doses de recordo: 1 dose a partir dos 12 meses e 1 dose aos 12 anos.

8 VNC: nados a partir do 1 de xaneiro de 2010:

- Menores de 12 meses, segundo o calendario (2, 4 ,6 e 11 meses) ou polo menos 4 semanas entre as dúas primeiras doses e a terceira polo menos 2 meses coa segunda dose.
- Entre os 12 e os 24 meses, 2 doses separadas polo menos 2 meses.
- En maiores de 2 anos de idade, só 1 dose.

9 VVZ:

- Maiores de 12 meses (unicamente no caso de non ter antecedentes de padecemento de varicela ou herpes zóster ou que sexan incertos, e non estar vacinado con anterioridade) recibirán 2 doses separadas polo menos 4 semanas (preferiblemente 8 semanas) ou axustadas ao calendario de vacinación oficial segundo a idade.
- No caso de recibir unha dose previamente, recibirán unha segunda dose. A partir dos 11 meses pódese administrar a vacina tetravírica se é necesaria.

3. Calendario acelerado para persoas de entre 7-18 anos

Vacina	0 (1. ^a visita)	Meses contados dende a primeira visita		
		1 mes	6 meses	8 meses
Td ¹	Td	Td		Td
VPI ²	VPI	VPI		VPI
HB	HB	HB	HB	
TV ³	TV	TV		
MenACWY ⁴	MenACWY			
VVZ ⁵	VVZ	VVZ		
VPH ⁶	VPH		VPH	

Táboa 3.

1 Td: a terceira dose débese administrar entre 6 e 12 meses tras a segunda dose. Dose de recordatorio para completar 5 doses: tras a primovacinación con 3 doses, recordos cada 10 anos (mínimo 1 año tras a terceira dose de primovacinación e entre as doses de recordo). En nenos e adolescentes administrarase polo menos unha das doses con dTpa. Poderase utilizar vacina DTPa-VPI ata os 13 anos de idade en caso de necesitar administrar tamén VPI.

2 VPI: primovacinación con 3 doses para persoas non vacinadas procedentes de países con circulación de virus salvaxe (<http://polioeradication.org/polio-today/polio-now/public-health-emergency-status/>).

Para países en que circularon virus derivados da vacina e países con risco de reintroducción, 1 dose. Poderase utilizar vacina DTPa-VPI ata os 13 anos de idade en caso de necesitar administrar tamén Td.

3 TV: administraranse 2 doses separadas polo menos 4 semanas en persoas sen documentación de vacinación previa e que non pasaron a enfermidade. En caso de ter recibido unha dose con anterioridade, administrarase 1 soa dose, independentemente do tempo que tivese pasado dende a administración previa. Poderase utilizar vacina tetravírica en caso de necesitar administrar tamén VVZ.

4 MenACWY:

- Menores de 12 anos, administrarase 1 dose e outra de recordo ao cumplir os 12 anos. Se ten máis de 12 anos, administrarase 1 dose.

5 VVZ: administraranse 2 doses separadas polo menos 4 semanas (preferiblemente 8 semanas) se non existe evidencia de ter pasado a enfermidade. Poderase utilizar vacina tetravírica en caso de necesitar administrar tamén TV.

6 VPH: administraranse 2 doses (pauta 0-6 meses) en mulleres nadas a partir de 1994 e varóns nados a partir do 1 de xaneiro de 2010 e no resto de grupos de risco, salvo nos seguintes grupos, que recibirán 3 doses (0-2-6 meses):

- Maiores de 26 anos que teñan indicada a vacinación.
- Persoas con inmunosupresión.

As pautas incompletas completaranse en función da idade da administración da primeira dose.

4. Calendario acelerado para persoas maiores de 18 anos

Vacina	0 (1. ^a visita)	Meses contados dende a primeira visita		
		1 mes	6 meses	8 meses
TV ¹	TV	TV		
Td ²	Td	Td		Td
VPI ³	VPI	VPI		VPI
HB ⁴	HB	HB	HB	
VVZ ⁵	VVZ	VVZ		
VPH ⁶	VPH	VPH	VPH	
VNC20 ⁷	VNC20			
VHZ ⁸	VHZ			

Táboa 4.

1 TV: recomendase a vacinación en persoas nadas en Galicia a partir de 1968 sen historia de vacinación documentada e en persoas non nadan en España sen documentación de vacinación previa. Administraranse 2 doses separadas polo menos 4 semanas. En caso de terse administrado unha dose con anterioridade, administrarase 1 soa dose, independentemente do tempo que pasase dende a administración previa. Poderase utilizar vacina tetravírica en caso de necesitar administrar tamén TV.

2 Td: a terceira dose débese administrar entre 6-12 meses da segunda dose. Dose de recordo ata 5 doses en total ao longo de toda a vida. Tras a primovacinación (3 doses), 2 doses de recordo separadas 10 anos (mínimo 1 ano tras a primovacinación e entre doses de recordo). As persoas con calendario vacinal completo (polo menos 5 doses na infancia ou adolescencia) recibirán 1 dose de recordo ao redor dos 65 anos.

3 VPI: primovacinación con 3 doses para persoas non vacinadas procedentes de países con circulación de virus salvaxe (<http://polioeradication.org/polio-today/polio-now/public-health-emergency-status/>).

Para países en que circularon virus derivados da vacina e países con risco de reintroducción, 1 dose.

4 HB: recoméndase a realización de marcadores serolóxicos (AgHBs, anti-HBs e anti-HBc) en persoas de grupos de risco e en inmigrantes sen historia documentada de HB que procedan de países de alta endemia. En caso de resultado negativo, recoméndase a vacinación con 3 doses de HB nas persoas con risco de infección por VHB, e nos nados a partir de 1982.

5 VVZ: realizarase seroloxía de varicela (IgG) se non presenta antecedentes de enfermidade nin se vacinou con dúas doses. En caso de antecedente dunha dose, administrarase a segunda dose. Poderase utilizar vacina tetravírica en caso de necesitar administrar tamén TV.

6 VPH: administraranse 2 doses (pauta 0-6 meses) en mulleres nadas a partir de 1994 e varóns nados a partir do 1 de xaneiro de 2010 e no resto de grupos de risco, salvo nos seguintes grupos, que recibirán 3 doses (0-2-6 meses):

- Maiores de 26 anos que teñan indicada a vacinación.
- Persoas con inmunosupresión.

As pautas incompletas completaranse en función da idade da administración da primeira dose.

7 VNC20: a partir de 65 anos, 1 dose.

8 VHZ: aos 65 anos e en grupos de risco, 2 doses con pauta 0-2 meses.

